

Esta semana desenvolvemos a actividade de avaliación dos coñecementos previos que posúe o alumnado sobre mulleres e homes que fixeron Historia en distintas áreas do coñecemento. Para isto o alumnado debía cubrir unha ficha na que estaban dispostas dúas columnas para completar con aqueles personaxes (varóns e mulleres) que eles considerasen que fixeron algún feito importante no pasado ou na actualidade. Para esta tarefa, que se desenvolveu de forma individual, contaron con 10 minutos.

É sorprendente que concretamente cinco dos trinta e catro alumnos deixaron en branco a columna das mulleres, pois tal e como verbalizaron non coñecen mulleres que puideran facer Historia. Os resultados obxectivos foron analizados posteriormente ao elaborar cos datos recollidos unhas nubes de palabras na aplicación de uso libre Wordle. Coidamos que é unha forma moi visual que nos permite analizar os resultados e sacar conclusións.

Os varóns máis citados polos estudantes foron científicos (Albert Einstein, Isaac Newton e Galileo Galilei ou Steven Hoking), o navegante Cristóbal Colón, o matemático e filósofo Pitágoras ou políticos (Donald Trump e Barack Obama). Neste sentido é de interese recoñecer que precisamente o presidente e expresidente dos Estados Unidos contaron con moitas máis ocorrencias que figuras da vida política do contexto máis próximo, como Pedro Sánchez, Mariano Rajoy ou Alberto Núñez Feijóo. Incluso citaron a outros que están nas novas políticas de actualidade (Quim Torra e Carles Puigdemont) e dirixentes do pasado no contexto europeo (Afonso X, Napoleón, Francisco Franco e Adolf Hitler). Non esqueceron tampouco o rei Felipe VI nin o seu predecesor, Juan Carlos I. Cobran tamén especial importancia unha gran variedade de deportistas (Ronaldo, Nolito, Usain Bolt, Lucas Vázquez, Iniesta, Rafa Nadal, Fernando Belasteguín, Michael Jordan, Fran Ruíz, Marc Márquez, Maradona, Messi) e escritores (Manuel María, Manuel Curros Enríquez, Agustín Fernández Paz, Julio Verne, William Shakespeare e Stan Lee).

Fronte a esta gran diversidade de nomes contrasta a escaseza de figuras femininas, entre as que destaca como figura máis repetida do panorama galego Rosalía de Castro. Tamén conta cunha importante presenza nos cuestionarios Marie Curie, así como un amplo abano de artistas e cantantes do panorama español e internacional (Lady Gaga, seguida de Beyoncé, Miriam Rodríguez, Madonna, Ana Guerra, Aitana Ocaña, Ariana Grande, Laura Pausini, Amy Winehouse ou Shakira). Tamén están presentes unha vez máis varias persoas vinculadas co deporte, tales como: Alejandra Salazar, Amaya Valdemoro, Saleta Fernández e Marta Marrero. Outros nomes menos reiterados son precisamente os de figuras de distintos ámbitos e épocas como Cleopatra, Rosa Parks, Anne Frank, Hillary Clinton, Theresa May, María Solar ou Laura Gallego.

